

# A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.  
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.  
América, id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 92

A CRUÑA 15 DE SAN XUAN DE 1919

## Cousas d'actualidade

### Portugal e Galicia

Dixo Cambó nas súas declaracións derradeiras publicadas no *Sol* "—Eu teño a fórmula Ibérica. Portugal, Cataluña, Eusk di. O demais, agás Galicia, *qu'é portuguesa*, é Castela. Algun día terás de sabere canto vin traballando n'iste senso c'o diplomático portugués Egas Monís."

A cousa é para rir, escribiu un articulista d'un xornal cruñés. O articulista saberá por qué. Nós coidamos que a cousa ten fondo e trascendente interés para Hespafia e para Galicia, mais para Galicia sobre todo.

Cambó non axudica Galicia a Portugal. Cambó, home de talento e de visión certeira da realidade, decatouse moi ben de que a clave, a pedra angular da futura e posíbre gran Iberia é Galicia. Galicia é a *prenda única* que Hespafia ten que ofrecere si algunha vez desela chegar a Federación d'ela con Lusitania.

O triste, o abralante, o que dol e magoa a y-alma dos que sentimos e pensamos por conta propia, é que haxa seres que coidándose bos fillos d'ista Terra e adoutando fachendosamente o nome de membros do Instituto d'Estudios Gallegos, discorran coma castelás analabatos cando de cousas relacionadas con Portugal se fala.

Mal que l'iría a Galicia estreitada íntimamente con Portugal, constituindo con Portugal a gran Fratría na que os intereses económicos e espirituales comúns a entrambas terras,

anacos d'unha mesma nacionalidade tallada por fatalismos históricos, deixasen de teren solución de continuidade.

Pois isto que non pensan a maioría dos galegos, porque a maioría dos galegos teñen capado o senso propio pol-o influxo d'unhos séculos d'escravitude moral, baixo a lousa de plomo d'unha cultura allea, pensouno Cambó, e pensámol-o nós denantes aínda que o ilustre *leader* do catalanismo.

Non sabemos que xestlós facería aquel político c'o diplomático portugués Egas de Monís. O que sabemos ben, é que nós, os nacionalistas galegos, hai tempo xa que con outros diplomáticos portugueses tratamos sobre iste pleito trascendente, e seguimos e seguiremos tratando aínda.

Cambó concece algo dos nosos traballos patrióticos. E a Cambó, cando a súa primeira visita a Galicia, fomos nosoutros que nos pregamos con moito agarimo que nos axudara no fomento das relacións co'a irmá Portugal, pois dado o seu releve político, poderíamos emprestare un gran favore.

Pol-o demais, o articulista que acolleu en son de risa, n'un xornal cruñés, as verbas de Cambó, pode lér na colección da *Voz de Galicia*, sesudos traballos de B. Calderón nos que se proban canto ganaría Galicia, económica e moralmente, estreitándose con Portugal.

### O mito das esquerdas

Hai moitos que teñen moita fé na altitude das esquerdas hespafiolas. Nós non podemos tel-a. O gato escaldado da auga fuxe. O linguaxe do Izquierdismo aliado autuante, coidámolo estrano d'abondo. Enxerguemos a Marcelino Domingo que nunca contradi as verbas co'as obras. Enxerguemos ós socialistas que tamén proceden de xelto cristalíno. Enxerguemos a medias samente ós reformistas, pois coidamos que o réxime actual non admite reforma, logo do que pasou e pasa. Mais a quenes non enxerguemos miga é a Lerroux, e ós alistas, romanonistas, demócratas, gasetistas e vicetistas. ¡Al, home, non! Todos estes bos señores, monárquicos incondicionás, que convirtiron sempre o réxime en sustancia para os seus medros e as suas cobizas, e que son lnda mais culpabres que os mesmos conservadores da decadencia e o apodrecemento do país, fican ós nosos ollos en valor positivo algún.

Trecloraron sempre a liberdade e seguirán treclorándoa coma de cote.

Ruins, no senso de gobernantes, son Maura e Lacierva. O noso xulzo respeito d'eles é ben conecido. Pois xa que non podemos sere sospeitosos, queremos dicir agora que mais conveñen no Goberno d'Hespafia aqueles políticos realcionarios, que os liberaes, demócratas e radicaes monárquicos.

Maura e Lacierva, non engañan, nin disimulan. Teñen un criterio rectilíneo, o que se lle pode opôr outro criterio hastra o punto de que xurda un choque que determine a revolución. Os liberaes de *doublée* que sufrimos na Hespafia, xa son outra cousa. Con apariencias de democracia sirven de cimento para tódalas reaccións e dividen a: forzas cidadáns mais puras e mais nobres, engalolándoa con verbas negadoras das obras,

Nada conseguiremos, pois, con derrubar y esnaquizar a Maura e Lacierva, si despóis d'isto coidamos xa liberalizada a Hespafia, e non seguimos traballando a elto para residenciar por mais reptilesco e mais perigosos aínda ós romanonistas, alistas, demócratas, gasetistas e vicetistas. O isquierdismo aliado autuante está afincado na area.

## Falan connosco

(Como debe ser o arte galego)

ao Arte enjebremente ideol, opoñer o Arte fortemente social;

ás embriagueces letales d'un idealismo fatalmente soñadore, as obras trascendentes d'un realismo rejamente luitador;

### CADRO BRANCO

Inglaterra, a gran nación mestra de constitucionalismo, despóis do enorme esforzo da guerra, coida perciso establecer un réxime francamente federalista na metrópoli, concedéndolles palramentos libres a Irlanda y Escocia, somellantes ó de Londres. E non dubida, emporiso, en reformar a súa Constitución, con ser ela moito mais sabia e progresiva que a hespañola.

¡Lloyd George e os mais notabres políticos ingleses, de darlle creto a Maura, son unhos tolos ou unhos ñorantes!

Vivir para vere...

### CADRO Mouro

Maura, n'aquel famoso discurso patrioteiro que pronunciou no Congreso cand'o pranteamento do pleito autonomista de Cataluña, dixera con verbas d'unha vetusta cursilería grandilocuente: "No Palramento hespañol non se pode falar de federalismo. O federalismo xa é unha cousa atrasada. Tampouco se pode falar da reforma da Constitución. Menos aínda de Palramentos rexionaes".

¡E Maura, o instrumento de Cerva, ten aínda prestixio antr'os parvos hespañoles! Probe país...

ao individualismo orguloso, que se fecha na sua Torre de Marfil, pra soñare, o altruismo generoso, que baixa á area pra lutar;

ao Arte, que renega da Vida, por prosaica e, por vil, por tumultuosa e, por fajeira; o Arte que ama isa Vida, por dorosa e por cruel, e, entregar-se a combatir por illa, heroicamente, c'unha noble Abnegazón, que é unha Santidade;

á Poesía, exclusivamente ornamental, que enche o mundo de Símbolos sonoros, desouvindo o baluceo angustioso das muidumes que pregan seren defendidas e, salvadas pol-os pensadores, opoñer a Poesía orquestal, do Combate e do Balbordo, ategada como o Mare, de prestigios e de ameazas;

a ise Arte anémico de neurosis, Sol, de decadencia e d'Agonia suplil-o co Sol roxo e violento dos xurdios desideratumes do Destino: a Revoluzón;

ise concerto de sonoridades verbales, é o himno da Esterilidade cantando encol das plaias da Morte;

ja non haberá obra de Arte, inmorrente, fora das do Arte Social;

arredare o Arte das necesidades dorosas da época, é algo oprobioso e, traidore, algo asin, como capal-o denantes de estrangulal-o, submetel-o a Vergonza, denantes d'entregal-o á Morte;

o Escritor, o Poeta, o Artista, tales deben seren os Sumos Sacerdotes da xurdia Obra Social;

e, a misión do Arte debe sere:

narrare, pintare, cantare, esculpire, a fonda Dor da sua época, o gesto pavoroso do Povo en pena, que tende as suas maos en gesto desesperado escontra a sinistra imperturbabilidade do Ceo valeiro;

facere na prosa, no verso, no mármore e no lenzo a constante reprodución d'iste grupo tráxico da Forza degolando ao Mundo, que é a pavorosa síntesis da época actual;

que o verso seja algo mais que armonía mórbida, conjunzón de refinamentos verbales, asonancia vocabular, gama de matices musicas, escauceos d'unha poesía claudicante, crepúsculos de malaquita e soles de talco;

que o poema, a novela, o mármore e o lenzo, sejan todos, a reprodución sociológica e, a copia fiel do estado social en que vivimos, d'iste orde existente, que según Laforge: é un escándalo capaz de sofocar a Natureza humá;

facei do Arte, un Acusador;

dade ao Arte, unha concencia;

facei novelas, como Tácito escribía his-

torias pra choere dentro dos muros da sua dialéctica o Crime, desesperado;

facei Poemas, como Dante escribiu os seus, para aprisoare nas mallas de fogo das suas rimas, e, vere contorsionar-se nos círculos do seu Inferno, todol-os réprobos, da Libertade;

facei a estatua do Povo, que casi berre a Dor como o Hércules Vencido;

pintar cadros que reproduzan o horror da Misericordia lapidada, como no Cristo, de Rembrandt;

todas as Protestas;

Traduzón de Vargas Vila, no seu libro, "Libre Estética", por V. Taibo.

## ACRARACIONS COMENENTES... E NECESARIAS

### Enemigos de Galicia e da Igresia

Un xoven entuslasta que dou recentemente unha conferencia no local dos Antonianos en Villalba, foi interrompido por un tal García Hermida ó falar aquél de cousas rexionalistas que, ademais de ser un pouco vellas, son completamente inofensivas.

Pero o barullador García, que debe de ter o cerebro onde os demais homes teñen—perdoando—os pes, empezou a tanguer a campañilla, inda coa sorpresa dos seus compañeiros da directiva, e non parou até que saíu ca sua.

Esto lémbromos do que aconteceu fai pouco a tres nazonallistas que, a requerimento de prestixiosos villalbeses, deron no Centro d'Artesanos d'aquela vila unha conferencia.

Sen causa de ningún xeito, contra o mais elemental deber de respeto e inda de boacrianza, un señor Hermida, estabrecendo un contraste entr'o seu cretinismo y-a súa vestimenta tamén armou alí un rebumbio.

Pense o lector o asombro qu'él tería si ouvise a un home d'fender a Igresia d'os desmáns de certas persoas, loubándoa en canto ela ensesha o camiño do ben e da xusticia, e logo vise que contra o que gaba elsi a Igresia protestase nada menos que un crego. ¿Non sería esto unha cousa incomprendible, absurda?

Por certo que despols d'esto *El Ideal Gallego* (que ten tanto de Ideal e de gallego como Lenine ten de manco) publicou unhas liñas decindo que non se facía responsabre (¿) da campaña política e social que realizaba un escritor que pertencera a aquel xornal, e que fora un dos nazonallistas que faloron nas conferencias de Villalba.

A acraración que como pode comprendere o lector e... unha parvada, porque ninguén invocou o seu nome, que non ten persoonlidade ningunha, ten, ademais, unha grave sinificación. ¿Qué ideas defeuden os nazonallistas pra que *El Ideal* fale de responsabilidades, él que é irresponsabre de seu e que, en canto a Idealidades, de calquer matiz que sexan, está completamente incapacitado?

Calquera, ante a necesidade de aquel xornal, coldaría que os nazonallistas predicán algo vitando, a anarquía, a disolución social, o crimen...

Pois vede o que predicán os nazonallistas: a afirmación do pobo gallego, a libertade, a xustiza, moralidade política, a emancipación económica dos escravos, a prosperidade e engrandecimento gallegos.

Logo, de feito, ise periódico—por chamarlle algo—é enemigo de Galicia y-ademais da Igresia, a que os nazonallistas quixéramos ver colaborando n-esta obra fundamente cristiãna. Pero ¿qué sabe ese papel de cousas que non teñan un craro recendemento materialista farlsalco, de burdas ambicións desaforadas, pondo por riba das verdades da Igresia e d'as verdades dos homes a comenencia d'unha suscripción?

Non nos estraña que, iflorando esto as persoas de delicadeza espiritual non sintan queimarse as mans ó coller ese periódico tan mal escrito como incapaz de comprender ideas que están moi por riba d'as cuquerías de tartufos e fillsteos.

¿Agora mesmo vamos a ver os gatos que-rendo z'patos! Hay cada cousa...

¿Quién sustituirá ó xefe do "rexionalismo ortodoxo" Sr. Besada?

¿Quién sustituirá ó Sr. Besada no cacicato de Lugo?

¿O rebaño lugués que pastor buscará agora?

¿Os xornás lugueses que tanto choraron a morte de Besada porque non fan un inventario das cousas que a provincia de Lugo lle debe ao difuntino?

¿Farsantes que solo chorades con pranto de cocodrilo ós que alouminábades, logo de venderlles a vosa concencia, para que vos emprestasen o seu influxo político en cousas do voso interés particulare!

Imbéciles que non tivéchedes unha verba agarrimosa para o xenial Porteiro, morto en prena xuventude, inda sendo nado, como fora, en Lugo.

Imbéciles que pareciades homes de xelo cando a groriosa Asamblea nazonalista feita na vosa cidade morta...

Imbéciles e cobardes.

Cando Monforte pidira a sua separación da provincia de Lugo, que ben fixera...

## O GRAN DILEMA

# SER OU NON SER

I

Arredor de min xurde o esplendente espectáculo da Primaveira, gigante ondeada de vida, de produción da realidade fonda, movida d'aquél perseverar no seu ser, da arela de vivir de que falara Spinoza e versificara Goethe. Cada átomo de vida exáltase cubizando perdurar en si mesmo e abranguer a mais maravillosa florazón. Existir é existir no propio ser, concretamente, na individualidade. Se a individualidade concreta pérdese, sobreven a morte no proveito d'outro ser. O que non s'affir-

me e perdure será asimilado, e omorecerá, despois morrerá.

## II

Cando un home atravesa na súa vida unha crise, pónse o dilema de ser ou non ser. Que é isto senon preguntarse: ser como individuo ou non ser? Os povos, persoalidades colectivas tamén nas súas grandes crises sinten en toda a súa acritude o dilema de ser ou non ser. E non equivale isto a seren co'a súa propia alma, co'a súa propia esencia ou non seren?

## III

Os que amamos a nosa raza galega, ao noso povo e a súa personalidade tan bela, sentímoshoje n'os nosos peitos a angustia do ser ou non ser. Galiza se quer existir como un momento da civilización humana (única existencia dita) ten de ser ela mesma desenvolvendo as infinitas fecundas realidades que potencialmente encerra. Non podemos desexar pr'a ela mutillados bárbaros, preludios de morte.

## IV

Mas pr'a isto é preciso que os galegos esteñamos dominados pol-o impulso d'existir. Tende aquí o capital. Fagamos profesión de fe de galeguismo e conservando sempre un horizonte mundial profundamos nas fonduras da nosa historia. Cando unha grande e valerosa minoría (os precursores loitan rejamamente) chea a alma accesa de galicismo nasza, suas energías íranse difundindo pol-o país enteiro e apresetaríanse as produccios universaes (1) da raza ao calor d'un novo ideal.

## V

O noso dilema é, galegos, ser ou non ser. Seja un acto de vountade a súa resolución vital. Seremos con toda a plenitude da existencia. E a lingua ancestral n-os nosos belzos acredite a esperanza inmensa na patria dos fillos!

JOHAN VIQUEIRA.

## A festa da fundazón das Irmandades

No souto d'Elviña, n'un souto vizoso, cheo de sombra e de beleza, perto do pinal que dende lonxe somella un corazón, fixo iste ano a Irmandade da Cruña a festa, que xa pode chamarse tradicional,

(1) Os pluraes en *aes* como *universaes* teñen dúas pronunciacións en galego que eu escribo d'esta única maneira. Podense pronunciar rematando en *as*; p. ej. *universas*. Ou podense pronunciar terminando en *ais*; p. ej. *universais*. Do primeiro plural nada hei de dicir. O segundo (aínda que se negue) existe como o proban os seguintes versos de Rosalia (de Follas novas):

Que s'el me chama sin parar, eu teño unhas ansias mortais d'apousar n'el!

D'os trinos *matinais* dos paxariños.

Os meus lectores poden pois pronunciar os pluraes en *aes*, en *as* ou en *ais*. Eu prefiro á segunda forma como mais melódica, mais antiga e mais literaria. A forma ortográfica *aes* é útil pol-a súa somellanza co'o portugués. Ao meu ver non abonda ouvir falar aos labregos pr'a escribirmos galego senon que fai falla estudar os clásicos medioevaes e posteriores. O galego pr'a facerse lingua culta ten que transformarse.

de relembanza da data da fundazón d'aquela entidade enxebre.

Foi unha espréndida romaxe, mais leda e animada aínda que a dos anos anteriores. Baixo dos castiñeiros solenes, a gaita e o tamboril resoaron dend'a mañán a noitiña.

En col do cespede verde e moliño, que servía de mantel, houbo moitas merendas e xantares. Os romeiros, antr'os que locian numerosas rapazas galanas, entregábanse a xogos campestres e a bailes e cántigas.

Unha xornada enxebre. chea de ledicia e irmandade na que se rindiu un novo culto d'amore á meiga natureza nai nosa e un novo éxito para a santa causa do nacionalismo galego.

### A VOZ DOS MORTOS

## O monte Medullo

Dinantes que sufrir d'un estranxeiro a odiosa escravitud, con arrogancia morrer pol-as suas maus quixo en Numancia con valor exemplar un pobo enteiro.

Morre tamén Sagunto d'esta sorte; y-o lexionario, cobizando gloria, solo pudo atopar que a nosa historia decote foi INDEPENDENZA OU MORTE.

Ven-o Inglés a loitar co-a nosa terra: os patríos sentimentos louco alrita, e n-os muros d'a Cruña María Pita con esforzo inmortal venceu a guerra.

Chega o francés triunfante, cheo de gloria, y-é vencido en Madrid o Dous de Mayo; en Galicia, n-a Ponte de San Payo, loita e loita sin ver a súa vitoria.

Estos feitos d'eterna relembranza proban que non se pode a nosa terra po-la forza aldraxar, que non a guerra escravos nos fará sin ter venganza.

E cal poema d'estes grandes feitos, garda o MEDULLO d'o valor a palma; seu recordo un latido téñ n-a alma, seu exempro un altar n-os nosos peitos.

Indómitos, valentes, nosos mères n-él craras mostras d'heroísmo deron; por non escravos ser, libres morreron diante d'os lexionarios siltadores.

O sol d'a independenza de Galicia garda n-él seus brillantes resplandores, e terá que triunfar, en días mellores, a causa d'o dereito e d'a xusticia.

O xenio gardador d'a nosa historia dorme n-os seus caboucos, gardando qu'outra xeneración volva loitando a recoller a croa d'a súa gloria.

Monte MEDULLO, n-a tua fonda cova a morte as cinzas d'esos héroes garda: ¡si a vella patria en veneraldas tarda, ten esperanza n-a Galicia noval!

† VALENTIN LAMAS CARVAJAL.

Granada, honrouse a si mesma, derrotando nas derradeiras eleccións ó candidato de Lachica e elixindo deputado de seu a Fernán dos Ríos.

Córdoba e outros pobos andaluces tamén loitaron coma bós para desbotar o caciquismo.

Os labregos d'Andalucía van despertando á vida cidadán.

En troques os nosos labregos siguen durmindo, e siguen durmindo tamén as nosas cidades onde os señoritos valeiros fan o parvo de continuo.

Temos ben merecidos outros novos Osera, Nebra, Narón e Sofán...

Por borregos.

## Literatura extranxeira

TRADUCIOS DE V. RISCO

Xan Arturo Rimbaud.

Unha das figuras mais saintes do movemento que se chamou simbolista e decadente.

Naceu o ano de 1855 en Charleville (Ardennes). Moi novo aínda escribía versos e foi catro veces a París a pé. Teodoro de Banville atendeuno, e loubárono Verlaine e Mallarmé.

Xuntos Verlaine e mais Rimbaud, fuxiron a Londres e logo a Bruselas, onde rifaron, e Verlaine disparoulle a Rimbaud c'unha pistola polo que foi á carcele y-eli esquirbiu Sagese.

Rimbaud deixou as letras e dous'a viaxar por Ingraterra, Alemaña, Italia, Grecia, e logo Dinamarca, Suecia, a illa de Chipre, Egipto, Etiopia y-Arabia, e fixose rico co comercio.

En 1895, de volta pra Francia, morreu en Marsella.

Escribiu Poemas, Illuminations, Un saison en Eufre e Cartas.

Os poetas mais novos de Francia sinalan a Mallarmé y a il como os seus precursores.

## DEPOIS DO DIOIBO

(POEMA EN PROSA)

Logo qu'houbos escampado a ideia do Dioibo.

Unha lebre parouse nas herbas y-as campañas moventes, e dixo seu rezo ó arco da veila, dend'atras da tela d'araña.

¡Ou, as pedras preciosas que s'escondían, as froles qu'ollaban xa!

Na grande rua emporcada, as tendas ergueronse, e sacaron os barcos car'ó mar, posto aló enriba coma nas estampas.

O sangue colou, na casa de Barba Azul, nos matadeiros, nos circos, ond'o sello de Dios decorou as xanellas. O sangue e mail-o leite colaron.

Os castores construíron. Os "mazagrás", fumegaron nos fumadeiros.

Na gran casa de vidros, inda escorren-d'auga os nenos de loito ollaron as maravilosas imaxes.

Unha porta renxeu; e na plaza d'aldeia, o neno volveu os brazos, inda das veletas e dos galos das torres, de todol-os lados, baixo a treboada.

Madame \*\*\* puxo un piano nos Alpes. A misa y-as primeiras comuniós fixéronse nos mil altares da Catedral.

Foróns'as caravanas. Y-o Spléndide-Hôtel foi construído no deserto de lazos do Polo.

Dend'enton, a lua escoltou ós chacás oubeando pol-os desertos d'herbas cheirosas y-as églogas en zocos murmurando no pensil. Logo na carballeira violeta, xurdindo, Eucharis dixome qu'era a primadeira.

Sordos tanques—escuma, roda sobor do ponte, vai por riba das carballeiras—panos mouros y-órganos, lostregos e tronos, rubide e rodade—augas e tristuras, rubide e volved'e traguel-os dioibos.

Pois dende qu'eles se foron—jou as pedras preciosas escondéndose y-as froles abertas!—Amorriñase un! y-a Reina, a Meiga qu'alced'a sua lume na ola de terra, non quererá endexamais nos decir o qu'ela sabe e nós non sabemos.

XAN ARTURO RIMBAUD.

## POL-O TEATRO GALEGO

### O concurso da Irmandade de Betanzos

Xa nos xornás se teñen publicado as bases que rexirán no patriótico concurso aberto pol-a eiscelsa Irmandade de Betanzos.

N'este concurso premiaráse con 500 pesetas a millor obra de teatro inédita, escrita en galego.

O tema e a extensión fica a vontade dos autores.

Ademais do primeiro premio, xa dito, haberá outros consistentes en ouxetos de arte moi meritorios, para as obras tamén teatrás que sigan en importancia a millor.

Os traballos terán de remitirse según e costume nos xogos froraes. Sin firma e c'o nome do autore n'un sobre aparte, que levará un lema igoal ó que se poña no orixinal.

A Irmandade de Betanzos dá un auto exempro a total-as sociedades galegas: ¡Benia elal Eisi se fai patria.

### O Conservatorio do Arte Galego

Véñense recibindo novas obras d'autores rexionás para o seu estudo, n'ista patriótica coledividá.

Siguen os ensaios da fermosa comedia dramática de Xaime Quintanilla nomeada «Donosiña».

O director do Conservatorio, D. Fernando Osorio, traballa con verdadeiro entusiasmo.

## VERBAS DO MESTRE

### POL-A DIGNIDADE CIDADÁ

Quen ollar a escolla de deputados que o caciquismo ben de levar dos p'icheiros eleitorás, e, sen outro coñecemento jolgare do estado da opinión galega prome dos problemas vitás da nosa terra, razón tería d'abondo pra maxinar que a nosa conciencia cidadá dorme o sono da mais letal das indeferenzas, precursor do abafante esmorecemento das enerxias raclás. Esos deputados vífieron, como decote, feltos de Madride. D'aló sal a orde e o pulo que pon en movemento a máquina; e as organizacións caciquías, as pseudo institucións consustanciadas da falsa democracia, subvertidoras do dereito cidadán, escrito e consagrado n'unhas leis, que asina se cumpren elquí como no vello Imperlo do Sahara, obedecen adoltamente o resorte, facendo a maravilla a sua noxenta función. Trunfo comreto, total, que semellaría derrubar e achanzar intelramente as legítimas acucias de cantos crén na virtualidade da actuación cidadá...

Mais emporiso a mesma rotundidade do trunfo vai a chegar o seu fin ó réxime das oligarquías, de feito ao marxe da realidade da vida cidadá, e asemade mais alongada ainda das fontes puras da representación popular.

Teñan ou non teñan vida as Cortes agora convocadas, non é posíbre já que os galegos valamos esquecer a derradeira leición. O sistema do amaño e da ficción non ha perdurar e subsistirá só no íntre que as correntes d'opinión nazonalista, aínda non ben desdibuxadas en moitas rexións d'España, se vai adormecendo concencias impondo no orde social, no orde económico, no orde moral, e no político, as soluclós ajeltadas que na sua entrana levan o remedio do mal. O problema básico, constitu-

cional, o da ingente variedade dos pobos que integran España, é a pedra de toque onde se ten de contrastal-o esforzo da actuación cidadá, que sin esa contrastación camíña ás cegas, sin ideal e sin guía, alén do que deixa incumplidos e trezoados os mais elementás deberes do patriotismo.

Contra da noxenta política centralista, por quen queira que sexa representada, a política nazonalista s'impón, a que encarna na liberdade dos pobos; contra do uniformismo centralista, a variedade que é suprema lei d'eisistencia; contra do patriotismo latricón e paralelo, do cuño século XIX, o patriotismo san, século XX, que acucia o desenrolo da potencialidade moral e económica das rexións, non a vida ficticia que do centro queiran dar, senon a vida real e intensificada en total-as rexións, seguindo a sua especial maneira de ser.

Compre moito, pois, que a opinión galega, concentrándose, como se dixeramos, sobor de sí mesma e seguindo o camiño que os nazonalistas abriron, se resolva a se manifestar e s'impoña a elto pra rematar pra sempre a farándula política, desbotando longe todo aquilo que na sua actuación non camíña a par dos nosos intereses, da nosa espiritualidade, da suprema eisigencia da afirmación da nosa personalidade coleditiva como pobo conscente dos seus deberes e tamen dos seus dereitos. E compre, asemade, decatarmonos que si asina chegaremós legítimamente a sermos cidadans d'un pobo libre e progresivo, non llixado pol-a sórdida servidume caciquil que o deshonora, nen atusado pol-o absurdo centralismo que o esquilma e o afoga.

M. BANET FONTENLA.

## APUNTES SINXELOS

### Breve definición do pitismo

A novas cousas, novas denominacións. A ese rótulo de *gente bien* que califica a unha casta que, cal un de tantos tumores, saleulle ás sociedades, corresponde na valorización léxica galega o nome de *pitismo*. Xentes ben, —polos ben: pitismo. (Pinocas, día en Portugal).

N'os nosos núcleos soclaes abonda, como os xaramagos y-os cardós no campo, o pitismo. A frivolidade y-o contaxio "snobista", son, nas persoas simpres substitucións de valores auténticos. E así como home vello que non ten de que gabarse, según dí Schopenhauer, métese a patriota, así o valor novo fallo de outas devocións e sin inquietudes mentaes fálese pito ben.

¡Ista outra cousa lle faltaba a Galicia, doída por toda las bandas do seu corpo e do seu espírito!

O pitismo encárnase n-eses rapaciños—pol-o demáis inofensivos—que, inda que non foron a Madri, sonlles familiares toda-las cousas do mundo y-están mais alá do ben e do mal.

Visten, si poden, a moda derradeira, e si non poden, disimulan a impotenza do xelto mais aparenzial.

Xogan ó fubol. Bailan o fox-trot y-o ones-tep. Oucen con certa gravidade líúrxica calquera argallada musical, entornando os ollos como en éislas e impondo silencio a un neno que encomenza a chorar no coño d'unha menez'ida. N'os martes brancos e n-os sábados azules paseian de cote firindo os corazóns d'as qu'eles chaman "Ingratas". Si hay touros, grí-tanlles ós tourelros en casí, alborózanse de xúbilo ou maldicen ós que aldraxan o arte bár-baro.

Ler un libro que non sexa unha novelaría estúpida ou unha porcada, asistir a un auto cultural, ter unha idea erguelta e nobre, manter unha gran pasión, eso non pertence ó pitis-

mo. O pitismo ten unha función social carauterística, perfectamente definida, única.

Despois, andando o tempo, como a miseria espiritual enxendra a miseria ética, e n'horizonte do pitismo vai finando a bagatela, os pitos ben conqueriron unha moza rica e fánse burgueses, mauristas pasivos ou borachos, é dectr, malas persoas.

Os que me pregaron unha definición do pitismo, ahí lles mando estas liñas, que poden ser alongadas até un estudio patolóxico intricante.

ROBERTO BLANCO TORRES

**O único diputado galego que nós conocemos é o "Diputado por Veiramar".**

"O Diputado por Veiramar", protagonista da fermosa novela de Gonzalo López Abente que axiña publicárase.

"O Diputado por Veiramar" cula edición está chamada a agotarse de contado.

Dirixirse para encárragos da notábre novela a Irmandade da Fala da Cruña.

Pedide tamén exemplares do Compendio de Gramática galega, pois xa hai mol poucos.

## O NENO Y-A ESTRELA

(De Catulle Mendés, traducida por R. Cabanillas.)

No limpo azul do ceo arreluce unha estrela.

Xentil neno-poeta soña cō amor o vel-a.

Dille un home que pasa:

—Ti que levas de rosas

cheal-as mans, e cantas, nas veredas, mimosas cántigas dos amores e ilusiōns da existencia,

[renza?

respōndeme, zen qué atopas, antr-os dous, dife-Surrindo, fala o neno:

—Erguede o ceo a frente;

vedes no azul os rayos d-unha estrela lucente?

—Vexo.

—Pechade os ollos; vedes seu brillo agora?

—Non.

Destonces o neno de mente soñadora, cōs párpados de rosa docemente entornados, di:

—«¡Pois eu sígoa ven-lo cōs olliños pechados!»

## Nos din de Betanzos...

Dou no Liceo Recreativo unha conferencia o señor Casás. Foi un fracaso. Anunciárase para as dez e tivo qu'escomenzar ás once, pois a xente non acodía. Logo houbo algunha pouca.

Persentouno un dos Césares aqueles que ao longo d'un ano foron rexionalistas, republicanos, mauristas, gárcipretistas e aínda mais.

O Sr. Casás co'a voz engolada, tropezando-

lle a lingua ó ceibar certas verbas coma perloidismo, verdaderamente, etc.—Il di prodista, verdreramente—saudou ás donas doéndose d'ire xa tan pra vello. (¡Probiño D. Xani!)

Logo estivo falando hora e meia, dos xogos froraes, dos poetas catalás, da guerra franco-prusiana, de Lois XIX, da... biblia en verso. De todo, agás do que constituía o tema da conferencia.

Dixo que o único nazonalista que houbo na Galicia, foi Antolín Faraldo; que Galicia e nemiga de Cataluña e Castela pol-os arancés.

Afirmou que a política é cousa que llixuga, e aconsellou que todos se arredaran d'ela. Que

é toleadura que Galicia pida axuda a Cataluña e viceversa para a solución do problema autonomista. Quen pida elqui esa axuda será escravo sempre, según él.

Derradeiramente gabou o fillo galego, asegurando que é dos milliores conectos.

A xente saíu desencantada d'ouire ó señor Casás, el tamén saíu descontento porque en algús párrafos do seu discurso lle berraron: "moi mal..", "non sigas por ese camiño..".

Moltos se decataron de que o pouco de certa sustancia que dixo o ourador falando dos arancés foi collido da ideoloxía nazonalista que veñen facendo as "Irmandades..".

# CARTAS DA VILA

I

## DON DIÑEIRO

*As sinxelas cartas da aldea nas que a i-alma de poeta de Gonzalo López Abente se retrata co'a mesma natural galanura que a rosa na auga cristiãna da fontenla, déronme a min azos para maxiñar estas cartas da vila que escribo coma se non fosen publicabres. Elas terán de sere froito espontáneo do meu corazón, onde un idealismo aristárquico, fervenza d'odios e amores, produce a enerxía onde xermola a lumiosa sinceridade dos que levan na frente a estrelliña azul da rebeldía...*

*O poeta fala de cousas aldeáns, pensando na vila; eu falarei da vila, pensando na aldea. Mais non persidirá método de ningun xeito estas cartas íntimas ás que Eça de Queiroz chamaría "palestras escritas..". Terán de sere coma unha parola connigo mesmo para min mesmo; coma diálogos antr'o meu sentimento e o meu pensamento.*

*¡Canto hay que dicire da vila!*

*Mais oxo quero escomenzar falando dos ricos e dos ricachos, que diciría Gracián. Levo moito tempo ouservando ós ricos da miña Terra. E das ouservaciōns cotías puiden chegar a enfiare ista concrusiōn sinxela: que os nosos ricos son unhos probes ricos. Unhos ricos que merecerían desprezo se non ispirasen lástima.*

*¿Non vos lembrades do conto do asno d'ouro de Apuleyo? Era un asno suxeito a encantamento; un borriquito condanado a condición de tal, condanado a pasare unha vida mísera, hastra que lle dera por comer rosas. Mais un día comeu rosas, acertou a comelas, e d'aquela troncouse supetamente en home, en home fermoso e lanzal.*

*Pois eu lles axeito o conto ós nosos ricos. Namentras non saian do a b c da vida rutinaria; namentras coiden cousas desprezabres, propias de chiflados, aquelas cousas*

*que falan ó espírito e non parecen práiticas; namentras non sintan o apetito ideal, terán a i-alma a catro pes, e levaránna en carreta—¡oh Unamuno!—inda que os seus corpos s'avalen no mol asento d'un automove. Entramentres os nosos ricos non coman rosas siguirán sendo ós ollos dos que somos unhos ricos probes, unhos probiños ricos. Deixádeos, meus irmáns, deixádeos que vexeten, doéndose sempre e layándose de cote de non poderen trocar en patataes tōdal-as terras dos xardíns.*

*Por mor d'eles, ben sei que moitas veces teremos que privarnos de conquerir as brancas ninfas nuas do ideal, porque fan oficio de asnos semellantes ó de Sileno, e c'os seus orneos espertaránnas no momento crítico en que os nosos brazos estean a punto d'apreixalas. Mais nós sigamos adiante...*

*Son dinos de seren compadecidos. Non sinten o pracer creadore. Non arelan a libertade; non cobizan o conquerimento da propia persoalidá... Carregados c'os seus fardeles onde o ouro fai de lastre, camiñan paseniño pol-a beira das cunetas, temendo ás mágoas da grava, porque non teñen pes de pelengriños.*

*Eu penso no que nós seríamos con cartos. Eu penso na vergoña dos nosos ricos e ricachos si nós por un milagre hacháramos millóns de pesetas a mán. Trocariamos axiña, coma no mito de Midas, a escoria da escravitude en ouro de lei galega. Aparecíamos ergueitos e trunfaes coma domadores, ollando ós nosos pes, baixo a nosa tralla, cativamente homillados, a cantos con mais inconscencia que mala fe arrenegaron do propio para viviren servos do alleo. Faríamos un xogo ledo. O d'espallar moedas, vendo como s'arrolaban pol-o chan, loitando feramente por collelas i-apañalas, a*

mesmo que os nenos nos bautizos tradicionais, moitos que oxe se rindo noso idealismo. E eisí aprixeados pol-a nosa pouta moral, forzariamol-os a seren libres, despois de mercarles a i-alma para ben de Galicia.

Non'o dubidades. Tendo cartos a mán, artistas e intelectuales, acabarían en xoguetes nosos, o mesmo que os políticos. Imporíamos unha cultura galega en poucos anos. Enxebriariamos inda ós mais desleigados axiña.

¿Qué poeta, qué literato, qué erudito ou polígrafo resistiríase a escribir no noso idioma si cotianamente sinaláramos premios de milleiras de pesetas para obras de todas crases, postas a concurso? Inda os mais castelanizados logo de sufriren a tortura de non conocer o galego, de ter pecado contra natureza, acabarían por adeprenderlo, y-escomenzarián d'iste xeito sendo escravos espirituales nosos, para romatar en homes libres n'unha terra libre.

Os galeguistas, coma ninguén, poderíamos enton berrar o mesmo que Quevedo: "Poderoso cabaleiro é don Diñeiro."

A. VILLAR PONTE.

Na Cruña, 12 de Xunio do 1919.

#### NOVAS DE ANTAÑO

### A unidade da patria

Tíña mentes de que o fantasma do separatismo, tan cursivamente inflado a cotío, habíase esmorecido fal xa tempo, como teñen de esmorecerse sempre todol-os momentos pasioaes que non responden a realidade sentidas; e na conciencia de todos é sabido que pra-os xornaleiros do centralismo a "unidade da patria", que defenden, está vinculada nas escadas numéricas dos presupostos ministeriales. Coidel fíxido ise premeditado histerismo patrioleiro. Coidel chegado o tempo das serenidades fecundas e das intelixencias cordiales. Outeaba nos espíritos o momento das plenitudes creadoras; non por mirar pra España, mais si por mirar pra o mundo.

Pero inda fol onte, que a realidade asaltou o fogar do meu ensono patriótico. Tiven que ollal-a, e vin-a moi cativa; mais fol moi grande, moi grande e moi terrible, a verdade que o seu alento mortal verteú en mín, coma lava ardente. Tiven que saber que a soberanía da intelixencia samente reina nas almas honradas. ¡E de nada vale, irmans, que nós teñamos a verdade, si os demais non teñen a conciencia!

Non fol un palurdo, sinon un intelectual. Fol o catedrático de Literatura da Universidade compostelana. Todol-os xornaes o trouxeron. Feito deputado por Santiago, os alumnos déronlle un banquete.

N-ise banquete o mestre tíña que falar, e falou; e lles dixo que no seu amor a Galicia tivesen moita cautela e non se deixasen engayolar pol-o nazionalismo, que era separatismo. ¡Un mestre predicando política cunha ós seus alumnos! ¡Un mestre que non é galego, deíndolles ós alumnos da Universidade galega que non amen a Galicia! ¡Un forasteiro que aldraxa a nosa terra! ¡Un catedrático que se vale do seu posto pra mentir, porqu'él sabe que non é certo canto dixol

¿Onde están as santas rebeldías da mocidade compostelana? ¡Qué tristura ver unha mocidade que claudica!

E non é que me dé medo que nos chamen separatistas. Sobor todo, o Sr Cotarelo, bon amigo meu, que me ten felicitado pol-as campañas nazionalistas, que teño mentes de que fol xa irmán de fala; por iso ninguén o creará. E que me da noxo coma un home do seu valimento guinda o seu prestixio intelectual por unha acta de cacique. E me da xenreira como calumnia o nazionalismo, como insulta a Galicia, e como minte a mocidade, somentes por probezas políticas. E me da pena ter que reconocer a esterilidade da intelixencia si unha conciencia honrada n'a fecunda.

Si; é moi triste qu'un intelectual teña que faguerse cursi pra chegar a cacique!

L. PEÑA NOVO.

### Peneirando...

Picorete, coma Xaimiño...

Falan sempre d'un "rexionalismo práctico", d'un rexionalismo que consiste en conquerir para Galicia, ferrocarrís, estradas, escolas, etcétera. Isto e unha pequena descentralización administrativa. Mais sempre sin desxunguirnos do Poder central. Sempre coidando de que se non esnaquice a santa unidade na que o espírito galego fica escravo do espírito castelán.

¡E falan en serio! ¡E chámanse patriotas! Pois sendo lóxicos, a fórmula d'ise rexionalismo práctico pódese reducir a ista frase sinxela: ¡Viva aquel pobo rico que merque a nosa conciencia donándonos ferrocarrís, estradas y-escolas a eito!

¿Haberá parvos?...

II II II

Por certo que Picorete en Betanzos estivo soberbo, si non minten as informació dos xornás cruñeses.

Picorete baraxou estadísticas. Fíxo de toda Cataluña, Barcelona e comparou o que tributa Barcelona con o que tributa tod'a provincia da Cruña. Pondo en mescolanza de mala fe os impostos por contribución rústica de Galicia, c'os impostos urbanos de Barcelona.

¡Qué cursi e que valeiro é o probe Picoretel Tan vello e aínda soñando co'a política...

Falar il de problemas económicos galegos, despois de ter publicado aquel célebre manifesto de convocatoria para unha assemblea fracasada no que pidía ós Poderes públicos unha parvada tan grande com'a de ¡libre introdución dos trigos en Galicia!

II II II

Mais xa veredes, xa veredes o Congreso d'Estudios Gallegos.

Este Congreso, que ten por oxeto facer

unha plataforma a conta de moitos nomes respetables, para que Picorete e os dous fachedos amigos de seu, teñan xeito d'erguirse...

Este Congreso, número de festas de vran, no que nada vivo, nada moderno, nada d'esencia futurista ou novecentista haberá de xurdir.

Arte sin folgos, arqueoloxía valorenta, cencla comesta da trilla, cousas sin alma e sin pasión.

II II II

Pois ises Estudios Gallegos, orgalmo sin realidade, censo de vanidás catalogadas, biroulle á Academia Galega a subención da Deputación provincial da Cruña.

¡E hal académicos que traballan con entusiasmo positivo pol-a entidade picoreteira que tanto perxudica á Academia!

Canta farsa e canto farsante...

II II II

E dalle c'ó mansoleo a Pondal...

¡Pero non teñen cartos d'abondo os seus herdeiros para facerllo?

Lembrádebos dos grandes poetas que inda son vivos e vexetan malamente.

Esto é o práctico, señores "rexionalistas prácticos."

II II II

Ao grán cacicón ourensán Vicente Pérez, un criado seu de confianza, o Sr. Ramos, biroulle a acta.

O que rouba a .... Pois para nos o Sr. Ramos ten cen anos de perdón.

Coma o tivo o Sr. Aller cando fixo unha cousa somellante.

Por certo que Vicente Pérez ó acrarar no Sol o asunto, propio de novela picaresca, emporcouno.

Vicente Pérez *fixera*, son as suas verbas, ó pal de Ramos, tod'ó que se pode facer a un home n'un cacicazgo noxento.

Vicente Pérez escribiu a biografía sua, biografía de desprezable cacique, c'unha inhabilidade ridícula.

II II II

Lezcano, cervista, fol elixido deputado por Mondoñedo.

Tódol-os xornás garcipretistas decraráronlle guerra a morte ó cervismo. Defenden a causa das esquerdas.

Sin embargo—lmos na *Voz de Galicia*—o Sr. Lezcano, cervista, na compañía de Avellán Montelro Villegas, liberal, xirara unha visita pol-o distrito de Mondoñedo para tratar do ferrocarril eléctrico a Lugo.

¡Canta comedia bufal

Tipográfica Obrera.—Socorro, 3

## MATERIAES DE CONSTRUCCION

*Cemento Asland*

Madeiras -- Carbón

CENTRO XENERAL DE SEGUROS

IGNACIO PEDREGAL

NA CRUÑA

Fábrica de Xergóns  
e catres metálicos

ORZAN 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

**LA PROVEEDORA GALLEGA**

DE

**XUAN VAZQUEZ PEREIRO**

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés. — A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica esta casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? Porque os chocolates que fai esta casa, fanse cós milllores produtos i-a limpeza mais eisquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESIVOS

GRAN HOTEL, RESTAURANT E CAFÉ

**“La Perla,”**

Director Propietario: RAMON BARRIO

Ruas de Juana de Vega, 23 e Fonseca, 3 (toda a manzán)

Hai automóvil e lancha-motora, propiedade do Hotel, ao servizo dos señores viaxeiros.

E o Hotel mellor e mais moderno da Cruña

False cárrego de toda  
cras de traballos grá-  
ficos, en imprenta, lito-  
grafia e fotograbado,  
ansi coma selles de  
caucho

**A Papeleira Galega**

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGRABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

**Os viños e coñás milllores**

son os qu'eiporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

**O vermouth más selecto**

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

**O Anís do Mono**

é un einspréndido licore sin rival

**Pra viños de mesa**

non hai outros com'ós dos cosecheiros eiportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas


**José C. Juncosa**

Galera, 39 e 41-2.º piso.—A CRUÑA

**Lloyd Real Holandés**

**Amsterdam**

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)



Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios

**GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA**

Saídas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.º, 2.º, intermedia e 3.º clás.

Pra informes respeito a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó

Axente xeneral da Compañía en España

**D. Raimundo Molina e Couceiro**

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO.

**FRÁBICA MECÁNICA**  
 :: DE CALZADO ::

— DE —

**ANXEL SENRA**

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15  
 A CRUÑA

**HOTEL CONTINENTAL**

Castelar, 8 e Olmos, 28  
 O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada Prado  
 A CRUÑA

**LA SALUD**  
**CASA DE BAÑOS**

A millor da Cruña

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

SASTRERÍA  
 DE

**AMBROSIO GUDE**

RUA REAL, 59-1.º

N-este acreditado establecimiento, que conta co'a clientela mais elegante da Cruña, fânse traxes á medida, uniformes militares e demais prendas de vestir.

Todo con arreglo á derradeira moda.

**Abonos Químicos Mineraes**

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés **ROUCH**

Regenerador **ROSTTAM** pra os animais debles, pra que as galliñas poñan mais ovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.<sup>a</sup>—A CRUÑA

**VIÑOS FINOS**

**RIOXA - MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

**WALDO LOSADA - A CRUÑA**

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

**Gran H. Universal**

Rúa da Reina (da Rainha), 21—LUGO  
 O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todo-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Farmacia Europea**

— DE —

**López Abente**

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos establecementos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arreglo ós derradeiros adiantos.

**EFFECTOS NAVALES**

DE

FERRER Y COMPAÑÍA—SUCESORES

**F. BERTRÁN e MIRAMBELL**

VIGO e A CRUÑA

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

**LA MODERNISTA**

GRAN SALÓN DE BARBEIRIA.

— DE —

**RAMOSE ACEA**

San Andrés 94.-1.º—A CRUÑA

Establecemento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todo-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, lociós e fricciós de todas clases.

Nota: N-este establecemento atopará o público un servizo permanente a cárrago dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.


**GRAN FONDA**

**Las Cuatro Naciones**

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.



**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directo desde o porto da Cruña

**LINEA DE HABANA A VERACRUS**

Prezo en terceira á Habana.  
 Veracrús

Ptas. 298-60  
 313-60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todo-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA.—Quedan sin efecto todas as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.